

2.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 8: Un horrible bo olor

Actividade 1

Enunciado: Une as palabras para que teña sentido.

as balea limpos
unha casas enorme
o vasos novo
uns pixama grandes

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre concorda correctamente as palabras.	Comete un erro ao concordar as palabras.	Comete tantos erros como acertos ao concordar as palabras.	Comete máis erros que acertos ao concordar as palabras.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Concorda as palabras dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 2

Enunciado: Completa con c ou qu. Escribe unha oración con cada unha.

paquete

casco

esquina

caramelo

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece o uso de c ou qu e aplícao con corrección ao escribir.	Coñece o uso de c ou qu e aplícao con bastante corrección ao escribir.	Coñece de forma básica o uso de c ou qu e aplícao con dificultade ao escribir.	Non coñece o uso de c ou qu e ou non o aplica con corrección ao escribir.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece o uso de **c** ou **qu**.

Escribe palabras con **c** ou **qu**.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 3

Enunciado: Une con frechas.

a • bolígrafos
o • castañas
os • balón
as • caixa

un • camiseta
unha • medias
uns • pantalón
unhas • zapatos

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre concorda de forma adecuada as palabras.	Case sempre concorda de forma adecuada as palabras.	Cústalle concordar de forma adecuada as palabras.	Non concorda as palabras correctamente.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Concorda palabras.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 4

Enunciado: Le e contesta.

Era unha nena duns sete anos chamada Sabela pero todos a chamaban Carapuchiña Rosada porque tódolos días para taparse do frío levaba unha carapucha desa cor. Polas mañás tomaba un pouco leite con cacao e logo saía pasear co seu can Rufo ata a casa da avoa Aurelia para falar un pouco e ao terminar volvía para a casa a comer.

- Como se chama? **Sabela.**
- Porque a chamaban Carapuchiña Rosada? **Porque tódolos días para taparse do frío levaba unha carapucha desa cor.**
- Que toma polas mañás? **Un pouco de leite con cacao.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Le correctamente un texto e responde de forma axeitada cuestión sobre el.	Le con bastante corrección un texto e responde de forma axeitada cuestión sobre el.	Cústalle ler con corrección un texto e responder de forma axeitada cuestións sobre el.	Non le de forma correcta un texto nin responde de forma axeitada cuestións sobre el.

Estándar de aprendizaxe avialable

Le de forma comprensiva e expresiva un texto.
Responde cuestións sobre un texto escrito.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Competencia en conciencia e expresións culturais
Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 5

Enunciado: Completa segundo o texto anterior.

- Polas mañás Sabela **tomaba un pouco leite con cacao.**
- Logo saía **pasear co seu can Rufo ata a casa da avoa Aurelia para falar un pouco.**
- Ao terminar **volvía para a casa a comer.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre reconece a secuencia temporal e escríbea.	Case sempre reconece a secuencia temporal e escríbea.	Necesita axuda para reconecer a secuencia temporal e escribila.	Non reconece a secuencia temporal nin a escribe.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Reconece a secuencial nun texto narrativo.

Escribe secuencias.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 6

Enunciado: Ditado.

Carlos come un pouco queixo con marmelo despois de tomar un caldo ben quente.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente ditados que conteñan palabras con c e qu .	Escribe con bastante corrección ditados que conteñan palabras con c e qu .	Cústalle escribir correctamente ditados que conteñan palabras con c e qu .	Non é capaz de escribir correctamente ditados que conteñan palabras con c e qu .

Estándar de aprendizaxe avaliable

Escribe ao ditado.

Escribe palabras con **c** ou **qu**.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia para aprender a aprender

Actividade 7

Enunciado: Escribe unha oración na que inclúas as seguintes palabras.

unha

bonitas

nenos

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre escribe oracións concordando as palabras que as compoñen.	Case sempre escribe oracións concordando as palabras que as compoñen.	Cústalle escribir oracións concordando as palabras que as compoñen.	Non é capaz de escribir oracións concordando as palabras que as compoñen.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Concorda as palabras dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 8

Enunciado: Rodea os erros e escribe as oracións de forma correcta.

- A pai de Dimas ten un **gatas** branco e **unha** paxaro **pequena**.

O pai de Dimas ten un gato branco e un paxaro pequeno.

- **No** peixeira hai catro peixes **tropical** de moitas **cor**.

Na peixeira hai catro peixes tropicais de moitas cores.

- **A** amigo de Aldara **están** xogando **co** consola **novo**.

O amigo de Aldara está xogando coa consola nova.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica correctamente os erros de concordancia presentes nun texto.	Identifica correctamente case todos os erros de concordancia presentes nun texto.	Identifica correctamente a metade dos erros de concordancia presentes nun texto.	Identifica correctamente menos da metade dos erros de concordancia presentes nun texto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Concorda as palabras dun texto

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 9

Enunciado: Completa o cadro con palabras que leven **ca, co, cu** e **que, qui**.

ca, co, cu	que, qui
Resposta libre.	

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece o uso de c ou qu e aplícao con corrección ao escribir.	Coñece o uso de c ou qu e aplícao con bastante corrección ao escribir.	Coñece de forma básica o uso de c ou qu e aplícao con dificultade ao escribir.	Non coñece o uso de c ou qu e non o aplica con corrección ao escribir.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece o uso de **c** ou **qu**.

Escribe palabras con **c** ou **qu**.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor